

**AUGAS DE GALICIA**

*Resolución do 20 de xullo de 2010 pola que se fai pública a adxudicación definitiva do contrato de servizos para o apoio técnico á administración hidráulica de Galicia en materia de supervisión de proxectos nas provincias da Coruña e Lugo.*

A presidenta do organismo autónomo Augas de Galicia, en virtude das facultades que lle confire a Lei 8/1993, do 23 de xuño, reguladora da Administración hidráulica de Galicia, modificada pola Lei 2/1998, do 8 de abril, resolve dar publicidade a adxudicación da contratación arriba citada:

1. Entidade adxudicadora.

a) Organismo: organismo autónomo Augas de Galicia.

b) Dependencia que tramita o expediente: Sección de Contratación.

c) Número de expediente: OH088281SV.

2. Obxecto do contrato.

a) Tipo de contrato: servizo.

b) Descrición do obxecto: apoio técnico a Administración hidráulica en materia de supervisión de proxectos e tramitación ambiental nas provincias da Coruña e Lugo.

c) Diario oficial e data de publicación do anuncio de licitación: DOG nº 39, do 26 de febreiro de 2010.

3. Tramitación, procedemento e forma de adxudicación:

a) Tramitación: ordinaria.

b) Procedemento: aberto.

4. Orzamento base de licitación. Importe total: 335.232,15 € + 53.635,70 € = 388.858,85 €.

5. Adxudicación.

a) Data: 5 de xullo de 2010.

b) Contratista: *UTE SGS Tecnos, S.A.-Adantia, S.L.*

c) Nacionalidade: española.

d) Importe de adxudicación: 248.400,35 € + 44.712,06 € = 293.112,41 €.

e) Prazo de execución: doce (12) meses.

O que se fai público para os efectos do previsto no artigo 138 da Lei de contratos do sector público, aprobada pola Lei 30/2007, do 30 de outubro.

Santiago de Compostela, 20 de xullo de 2010.

Ethel María Vázquez Mourelle  
Presidenta de Augas de Galicia

**PORTOS DE GALICIA**

*Resolución do 6 de agosto de 2010 pola que se anuncia procedemento aberto multicriterio, tramitación ordinaria, para a selección de oferta para a tramitación da concesión administrativa de ocupación do dominio público portuario do porto de Rianxo para instalacións de subministración de combustible. (Expediente 12-55-10-C-1).*

1. Entidade adxudicadora:

a) Organismo: Portos de Galicia.

b) Dependencia que tramita o expediente: Dirección.

2. Obxecto do procedemento:

a) Descrición do obxecto: o obxecto do procedemento é a selección de oferta para a tramitación da concesión administrativa para instalación de subministración de combustible.

b) Lugar da concesión: porto de Rianxo. Concello de Rianxo

c) Prazo da concesión: vinte (20) anos con posibilidade de prórroga ata acadar os trinta (30) anos ou o prazo máximo establecido na lexislación vixente no momento da prórroga.

d) Clave do expediente: 12-55-10-C-1.

3. Tramitación, procedemento e forma de adxudicación.

a) Tramitación: ordinaria.

b) Procedemento: aberto.

c) Forma: oferta máis vantaxosa tendo en conta os criterios que figuran no número 10.1.4. do prego de bases.

4. Taxas concesionais: as especificadas no prego de bases.

5. Garantía provisional: a especificada no prego de bases.

6. Obtención de documentación e información:

a) Entidade: Portos de Galicia.

b) Enderezo: praza de Europa, 5A-6ª Polígono das Fontiñas (Área Central).

c) Localidade e código postal: Santiago de Compostela. 15707.

d) Teléfono: 981 95 75 51.

e) Fax: 981 54 53 24.

f) Data límite de obtención de documentos e información: coincide coa data límite de presentación de ofertas.

g) Perfil do contratante: os pregos administrativos desta convocatoria poderanse obter nos seguintes enderezos da internet:

<http://www.contratosdeg Galicia.es/resultado.jsp?N=14382>

7. Requisitos específicos do solicitante: os especificados no prego de bases.

8. Presentación de ofertas ou das solicitudes de participación.

a) Data límite de presentación: o prazo de presentación de proposicións rematará ás catorce horas do trixésimo (30º) día hábil seguinte ao da publicación deste anuncio no *Diario Oficial de Galicia*. No caso de que o derradeiro día do prazo coincida en sábado ou festivo, o prazo de admisión das proposicións rematará ás catorce horas do día hábil seguinte.

b) Documentación que hai que presentar: a especificada no prego de bases.

c) Lugar de presentación: as proposicións presentaranse en tres (3) sobres pechados no rexistro xeral do ente público Portos de Galicia, sito na praza de Europa, 5-A-6º. Polígono das Fontiñas (Área Central), de Santiago de Compostela 15707, segundo se especifica no punto 9.5. do prego de bases, ou envíanse por correo dentro do prazo de admisión indicado, debendo inescusablemente o licitador xustificar a data de imposición do envío anunciándoo a Portos de Galicia, mediante burofax, fax ou telegrama, no mesmo día. Sen a concorrencia de ambos os dous requisitos non será admitida a proposición se é recibida polo órgano de contratación con posterioridade á data e hora de finalización do prazo sinalado neste anuncio.

d) Prazo durante o que o licitador está obrigado a manter a súa oferta: dous (2) meses desde a apertura das proposicións.

9. Apertura das ofertas.

a) Entidade: Portos de Galicia.

b) Enderezo: praza de Europa, 10-4º. Polígono das Fontiñas (Área Central).

c) Localidade e código postal: Santiago de Compostela 15707.

d) Data: o sétimo (7º) día natural contado desde a apertura da documentación administrativa. No caso de que o mencionado día coincida en sábado ou festivo, a apertura realizarase o primeiro día hábil seguinte.

e) Hora: 12.00 horas.

10. Outras informacións: a mesa de contratación, en cumprimento do disposto na cláusula 10.1.1. do

prego de bases, comprobará en acto previo a documentación do sobre A e publicará no perfil do contratante e no taboleiro de anuncios dos servizos centrais de Portos de Galicia o resultado da apertura, para que se emenden, se fóra o caso e dentro do prazo que se indique, os defectos materiais observados na dita documentación.

11. Gastos dos anuncios: os gastos que deriven da publicación deste anuncio serán por conta do adxudicatario.

Santiago de Compostela, 6 de agosto de 2010.

José Manuel Álvarez-Campana Gallo  
Presidente de Portos de Galicia

## INSTITUTO GALEGO DE CONSUMO

*Anuncio do 23 de xullo de 2010 polo que se empra a interesada para ser notificada por comparecencia no expediente 15R001-61-2007.*

De conformidade co disposto no artigo 61 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, modificada pola Lei 4/1999, do 13 de xaneiro, despois de intentada a notificación persoal por dúas veces, emprázase a interesada que se sinala no anexo para ser notificada por comparecencia.

O acto foi adoptado polo conselleiro de Economía e Industria.

A comparecencia deberá efectuarse no prazo de dez días contados desde o seguinte ao da publicación deste anuncio ante os servizos centrais do Instituto Galego de Consumo, con enderezo na avenida Gonzalo Torrente Ballester 1-5 de Santiago de Compostela, en horario das 9.00 ás 14.00 horas, de luns a venres.

Transcorrido o dito prazo sen efectuarse a comparecencia, a notificación entenderase producida desde o día seguinte ao do vencemento do prazo sinalado para comparecer.

Santiago de Compostela, 23 de xullo do 2010.

Mª Nava Castro Domínguez  
Presidenta do Instituto Galego de Consumo

### ANEXO

Expediente: 15R001-61-2007.

Interesada: *Duatel Asesoramiento de Telecomunicaciones, S.L.*

NIF: B-15791734.

Acto notificado: resolución do recurso de alzada no expediente 15R001-61-2007.